

BASES

- Poderá participar todo o alumnado dos centros educativos públicos do Val Miñor **entre 9 e 20 anos**.
- A participación no certame supón a aceptación destas bases.
- Os poemas presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, e estarán escritos en galego. Terán unha **extensión mínima de 3 versos e máxima de 8**. Cada participante poderá presentar un máximo de **tres poemas** pero só optará a un premio. O poema poderá ir acompañado dunha imaxe.


PARTICIPACIÓN

- As obras propostas enviaranse ao correo **poesiaminhora@gmail.com**. O envío conterá dous documentos en formato PDF. Nun, o poema ou poemas que se presentan, e que deberán levar un título ou lema. Noutro, figurarán o título da obra presentada e os datos persoais da autora ou o autor (nome e apelidos, idade, centro de estudos, teléfono de contacto, correo electrónico e enderezo).
- A data límite para a presentación dos poemas será o **17 de maio** de 2021 ás 23:59 horas.

CERTAME DE POESÍA BEATRIZ DA SERRA

Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) dos IES Escolas Proval (Nigrán) e IES Terra de Turonio (Gondomar) e do CEIP Carlos Casares (Nigrán) en colaboración cos concellos de Gondomar, Nigrán e Baiona, convocan o II Certame de Micropoemas Beatriz da Serra

CATEGORÍAS



QUEN FOI BETARIZ DA SERRA?

Unha muller baronesa que mantiña correspondencia co conde de Gondomar en lingua galega aló polo século XVI

XURADO

- O xurado estará composto por cinco **especialistas en literatura galega**.
- O fallo do xurado será inapelable e publicarase nas **webs** dos centros organizadores na semana seguinte ao peche do certame.
- Se o xurado o considera, poderá quedar algúns premios deserto. Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado.

PREMIOS

- **1º PREMIO:** dotado con dúas antoloxías poéticas das voces más novas, certificación acreditativa, unha peza cerámica conmemorativa de Antón Román e mais dez exemplares do libro do certame.
- **2º PREMIO:** dotado con dúas antoloxías poéticas das voces más novas, certificación acreditativa e mais dez exemplares do libro do certame.
- Os premios entregaranse nun **acto poético** organizado polos centros convocantes nas actividades do **Día das Letras Galegas**.
- Os poemas premiados publicaranse nas **webs** e **redes sociais** dos centros convocantes e enviaranse aos **medios dixitais** do Val Miñor. Tamén se fará unha **publicación impresa** para difundir os poemas premiados e lembrar a figura de Beatriz da Serra.